

# POESÍA NOVA ENTRE A NEVARADA

OLALLA COCIÑA, PREMIO VERGARA VILARIÑO, PROPÓN  
UNHA OLLADA DISTINTA, NOVA, SOBRE O RURAL

Gústame ler aos autores máis novos porque así tamén procuro saber a idade que ten o meu ollar, porque os ollares teñen idade. Ao ler os seus textos, especialmente se son poemas, sei se o ollar segue atento, esperto, ou se pola contra vai madurando e ata envellecendo. Coma un, coma un mesmo.

Algúns libros serven de referencia e un deses poemarios pode ser, é, este de Olalla Cociña; a xoven autora viveirense acaba de editar o *Libro de Alicia* en Espiral Maior. Con este poemario obtivo o premio Fiz Vergara Vilariño, que lle concederon Martín Veiga, Álvarez Cáccamo e Yolanda Castaño como membros do xurado. Paréceme importante coñecer en cada premio a composición dos membros encargados de emitir xuízo literario; ao cabo teñen a responsabilidade tamén de ir marcando novas liñas na escrita.

Xa comecei a escribir no teu libro, Olalla, pero non mo tomes a mal; acostumo a escribir nas páxinas dos libros novos (nunca en caderno ou pantalla de ordenador) e fíxeno esta mañá de martes entre unha nevarada no alto da Gañidoira. Xa só escribo así. Fágoo só nos libros que me gustan especialmente e case sempre na cafetería cega de El Corte Inglés, sabendo que a poesía non é quen de entrar aí e non é polo café, a 1,50, aínda que hoxe me dera por determe no alto da montaña para



A nova autora viveirense e poetisa e periodista



POESIA

## «Libro de Alicia»

Olalla Cociña. Espiral Maior, 58 páxinas.

\*\*\*

disfrutar un momento desta paisaxe branca, rural, coma a do teu poemario. Ao libro de poesía de Chus Pato, *Hordas de escritura*, non lle quedan xa practicamente espazos en branco, sabes; é que esta muller non escribe poesía ou non só poesía; é o estilo de Chus Pato, a poesía está na espera mesma, mentres les, e acabas por esborranchar entre liñas o poemario todo.

Cos libros dos amigos non fago iso; por respecto, non sei. Aínda que ás veces non podo evitalo a carón dos versos máis espidos de Miguel Anxo no seu *Diccionario do estremecemento* (para cando o Premio Nacional). Espero encher de palabras os espazos en branco do teu novo poemario. De seguro que si.

Recomendo este ollar novo de Olalla Cociña sobre o rural.

**Miguel Sande**